

O Encontro ClubUE da Deputación da Coruña pon o foco no uso seguro da Internet

mércores, 10 de xullo do 2024 / S. P.

A segunda edición do Encontro ClubUE, as xornadas de intercambio xuvenil organizadas por Europe Direct A Coruña (Deputación) e Europe Direct Asturias, reúnen estes días en Oviedo (até mañá xoves) a mozos e mozas membros dos seus ClubUE para compartir tres días de formación, debate e intercambio de vivencias. A ciberseguridade e o uso responsábel e útil das novas ferramentas [centran boa parte das actividades programadas](#).



O Encontro ClubUE é unha experiencia de aprendizaxe non formal no que as persoas participantes poden desenvolver e adquirir competencias ao tempo que se atopan con compañeiros e compañeiras interesadas en compartir a súa visión da Unión Europea e as súas vivencias e experiencias neste ámbito.

O programa de actividades previsto está dividido en dúas áreas. A primeira delas é un *bootcamp* formativo que estará centrado na ciberseguridade, a concienciación dixital e a educación no uso responsábel de Internet baixo a perspectiva das políticas e accións da Unión Europea. Esta formación abordará temas como a seguridade emocional en liña, o desenvolvemento dun perfil dixital seguro ou a desinformación.

A segunda área, denominada Espacio Europa, é un punto de encontro para o intercambio de experiencias, o *networking*, o debate europeo e para descubrir o Oviedo máis europeo. No encontro participan mozas e mozos da provincia da Coruña e de Asturias de entre 18 e 26 anos e que pertencen ao **ClubUE**, un espazo virtual pensado para achegar a mozos e mozas as oportunidades que existen dentro da UE e que foi creado pola oficina europea da Deputación da Coruña en decembro de 2020. Europe Direct Asturias replicou esta iniciativa no seu territorio en outubro de 2022 e ambos centros teñen colaborado xa en varias actividades que inciden no intercambio de experiencias e creación de rede entre xente moza das dúas zonas.


0 comments

Ordenar por: Máis antigos


Engadir un comentario...

Plugin dos comentarios do Facebook

PUBLICIDADE



Adega Eidos
albariños/asbaixas



terxy galicia Calidade
Quercus
EL DESCANSO MÁIS NATURAL

dinahosting
hospeda este espazo web

seresco
Solucións tecnolóxicas e servizos BPO

citic **amtega**

BALIDEA **Vitae**

Revista en PDF: **CodigoCero**
Descárgaa xa

INEO
siguenos a través de **Google currents**

amtega

- Metaversos. Enfoque opensource - GaliaTech
- O Diario Oficial de Galicia publica hoxe a ampliación do prazo para solicitar os bonos dixitais ata o 15 de decembro
- A Xunta destaca a importancia da concienciación dixital para crear un territorio conectado e seguro

Galicia,
un territorio
para innovar

XUNTA DE GALICIA

Guardar **O PORTAL DA LINGUA GALEGA**

MAGZTER
DIGITAL NEWSSTAND
TAP • READ • ENJOY
A NOSA EDICIÓN IMPRESA EN DISPOSITIVOS MÓBILES

Eventos tecnolóxicos

jueves, 25 de julio Cargando...

- Día Nacional de Galicia
- Nacemento en 2001 de Codigocero.com

miércoles, 31 de julio

- Día do Administrador de Sistemas
- Se muestran los eventos programados desde el 01/07. Opción de filtrar por día de Internet en próxima página web de

Google **Calendario**

Reserva o teu dominio **gal**

CÓDIGO CERO

Código Cero, diario de novas tecnolóxicas de Galicia, é unha publicación en galego sobre TIC nacida en formato dixital o 25 de xullo de 2001, que comezou a editarse tamén en formato impreso en decembro do mesmo ano.

CONTACTO

➤ Grupo Código Cero Comunicación, S.L.
Rúa das Hedras 41 G
(Pol. Novo Milladoiro)
15895 Ames - Milladoiro

☎ 981 53 02 68

✉ redaccion@codigocero.com

PREMIOS

